



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA. DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

Anuncio

Resolución do 20 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se somete a información pública o Plan Territorial Especial de San Fiz de Asma, no concello de Chantada

En cumprimento do disposto no artigo 55 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, sométese a información pública durante o prazo dun mes o Plan Territorial Especial de San Fiz de Asma, no concello de Chantada, aprobado inicialmente mediante Resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, do 20 de maio de 2022.

Durante o referido prazo, calquera persoa poderá examinar o documento, en horario de oficina, nas dependencias da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sitas no Edificio Administrativo San Caetano s/n, en Santiago de Compostela; no concello de Chantada; ou na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través da seguinte ligazón https://cmatv.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CMAOT_SX_de_Organizacion_do_Territorio_e_Urbanismo?content= SX_Ordenacion_Territorio_Urbanismo/Participacion_publica/seccion.html&std=Participacion_publica.html, e presentar as alegacións, documentos e consideracións que se estimen pertinentes.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2022.- A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, M^a Encarnación Rivas Díaz.

R. 1339

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO

Visto o artigo 2.2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, segundo o cal «As ofertas de emprego que articulen os procesos de estabilización contemplados no apartado 1, así como o novo proceso de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos diarios oficiais antes do 1 de xuño de 2022».

En cumprimento do mandato desta Lei, así como do disposto nos artigos 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 70.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, faise público que mediante Resolución da Alcaldía deste Concello (Decreto núm. 2022-0213, de data 25/05/2022), aprobouse a Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal, na que se inclúen as prazas que a continuación se relacionan:

PERSOAL FUNCIONARIO

Denominación	Grupo/Subgrupo	Escala	Subescala	Xornada	Provisión	Vacantes
Auxiliar Administrativo	C2	Administración Xeral	Auxiliar	Completa	Concurso	2

PERSOAL LABORAL

Denominación	Xornada	Provisión	Vacantes
Encargada da Biblioteca e asuntos culturais	Completa	Concurso	1
Peón-Conductor/a	Completa	Concurso	2
Conserxe	Completa	Concurso	1
Técnico/a de Educación Infantil	Completa	Concurso	1
Axente de emprego e desenvolvemento local	Completa	Concurso	1
Traballador/a social	Completa	Concurso	1

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse alternativamente recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía municipal, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se opta por interpoñer o recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que se poda interpoñer calquera outro recurso que se considere máis conveniente en dereito.

Abadín, 25 de maio de 2022.- O Alcalde, José María López Rancaño.

R. 1364

BARREIROS*Anuncio***OFERTA EMPREGO PUBLICO 2022 CONCELLO DE BARREIROS**

Por Resolución de alcaldía do 25 de maio de 2022 aprobouse a seguinte Oferta de Emprego Público para o ano 2022:

I. PRAZAS DE ACCESO LIBRE (Taxa ordinaria de Reposición de Efectivos):

Catro (4) prazas

RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO:

Nº de prazas	Denominación	Grupo/Nivel	Situación
1	Oficial do Servizo de Augas	C1/14	Praza vacante

RÉXIME XURÍDICO LABORAL:

Nº de prazas	Denominación	Grupo de cotización	Situación
1	Auxiliar de Axuda no Fogar (xornada parcial)	Asimilado a grupo E/ Grupo de cotización 10	Vacante cuberta con persoal laboral temporal
1	Operario de Servizos Múltiples	Asimilado a grupo E/ Grupo de cotización 10	vacante
1	Traballadora Social (media xornada)	Asimilado a grupo A2/ Grupo de cotización 2	Praza de nova creación

II. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (art. 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro):

RÉXIME XURÍDICO LABORAL: DUAS (2) prazas

Nº de prazas	Denominación	Grupo de cotización	Situación
1	Auxiliar de Axuda no Fogar	Asimilado a grupo E/Grupo de Cotización 10	Vacante cuberta con persoal laboral temporal
1	Conductor de tractor para desbroces e outras labores de prevención de incendios forestais	Asimilado a Grupo E/Grupo de Cotización 10	Vacante cuberta con persoal laboral temporal

III. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro):**III.1.1. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO: TRECE (13) prazas**

Nº de prazas	Denominación	Grupo/Nivel	Situación
4	Auxiliar Administrativo	C1/13	Prazas vacantes cubertas con persoal laboral indefinido non fixo
1	Axente de Emprego Local	A1/22	Praza vacante cuberta con persoal laboral indefinido non fixo
1	Enxeñeiro Técnico Agrícola /forestal	A2/16	Praza vacante cuberta con persoal laboral indefinido non fixo
2	Diplomado Escola Infantil	A2/16	Prazas vacantes cubertas con persoal laboral indefinido non fixo
4	Tecnico Especialista Escola Infantil	C1/13	Prazas vacantes cubertas con persoal laboral indefinido non fixo
1	Animador Sociocultural	A2/16	Praza vacante cuberta con persoal laboral indefinido non fixo

III.2.1 RÉXIME XURÍDICO LABORAL: CORENTA E DUAS (42) prazas

Nº de prazas	Denominación	Grupo de cotización	Situación
1	Tecnico Informático	Asimilado a grupo A2/ Grupo de cotización 2	Vacante cuberta con persoal laboral indefinido non fixo
1	Capataz de Incendios	Asimilado a grupo C2/ Grupo de cotización 8	Vacante cuberta con persoal laboral indefinido non fixo
1	Responsable de Servicios Múltiples	Asimilado a grupo C1/ Grupo de cotización 5	Vacante cuberta con persoal laboral temporal
2	Oficiais de Edificios	Asimilados a grupo C2/ Grupo de cotización 8	Vacantes cubertas con persoal laboral indefinido non fixo e laboral temporal
3	Oficiais do servizo de augas	Asimilados a grupo C2/ Grupo de cotización 8	Vacantes cubertas con persoal laboral indefinido non fixo
2	Operarios de servizos múltiples	Asimilados a grupo E/ Grupo de cotización 9	Vacantes cubertas con persoal laboral indefinido non fixo
1	Operario do servizo de augas	Asimilado a grupo E/ Grupo de cotización 9	Vacante cuberta con persoal laboral indefinido non fixo
1	Limpeza de edificios	Asimilado a grupo E/ Grupo de cotización 10	Vacante cuberta con persoal laboral indefinido non fixo
1	Cociñeira Escola Infantil	Asimilado a grupo C2/ Grupo de cotización 7	Vacante cuberta con persoal laboral indefinido non fixo

1	Auxiliar Escola Infantil	Asimilado a grupo C2/ Grupo de cotización 7	Vacante cuberta con persoal laboral indefinido non fixo
1	Educadora Familiar (xornada parcial)	Asimilado a grupo A2/ Grupo de cotización 2	Vacante cuberta con persoal laboral indefinido non fixo
2	limpeza colexios	Asimilado a grupo A2/ Grupo de cotización 10	Vacante cuberta con persoal laboral indefinido non fixo
17	Auxiliares de Axuda no Fogar	Asimilado a grupo E/ Grupo de cotización 10	Vacantes cubertas con persoal laboral indefinido non fixo e laboral temporal
1	Conserxe Colexio San Miguel	Asimilado a grupo E/ Grupo de cotización 9	Vacante cuberta con persoal laboral temporal
1	Técnico sanitario do posto de socorrismo (persoal laboral fixo-discontinuo)	Asimilado a grupo C1/ Grupo de cotización 3	Vacante cuberta con persoal laboral temporal
6	socorristas (persoal laboral fixo-discontinuo)	Asimilado a grupo C2/ Grupo de cotización 8	Vacantes cubertas con persoal laboral temporal

III.2.2 PRAZAS DO CUPO DE RESERVA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (ART.59.1 EBEP): TRES (3) prazas

Nº de prazas	Denominación	Grupo de cotización	Situación
1	Auxiliar de Cultura	Asimilado a grupo C2/ Grupo de cotización 7	Vacante cuberta con persoal laboral indefinido non fixo
1	Operarios de servizos múltiples	Asimilado a grupo E/ Grupo de cotización 9	Vacante cuberta con persoal laboral indefinido non fixo
1	Limpeza de edificios	Asimilado a grupo E/ Grupo de cotización 10	Vacante cuberta con persoal laboral temporal

Barreiros, 25 de maio de 2022.- A Alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 1365

BURELA

Anuncio

Oferta de emprego público estabilización emprego temporal (Lei 20/2021)

Pola Alcaldía do Concello de Burela mediante Decreto de Alcaldía número 2022-0369 de data 25 de maio de 2022 aprobouse a Oferta de Emprego Público en virtude da Taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 e convocatoria excepcional prevista na disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, recollendo as seguintes prazas:

nº prazas	praza/denominación	tipo persoal	escala (subescala/clase)	grupo	observacións
1	Técnico/a Xestión	Funcionario	Administración Xeral (Xestión)	A2	Art. 2
1	Arquitecto/a Técnico/a	Funcionario	Administración Especial (Técnica Media/ Técnicos Medios)	A2	Art. 2
1	Informático/a	Laboral		C1	DA 6ª
1	Monitor/a Técnico/a Deportivo/a	Laboral		C1	DA 6ª
1	Patrón Barco Museo	Laboral		C2	Art. 2
3	Aux. Axuda Domicilio	Laboral		AP	DA 6ª Xornada tempo parcial

1	Psicólogo/a CIM	Laboral		A1	DA 6ª
1	Director/a Psicólogo/a UAD	Laboral		A1	DA 6ª
1	Psicólogo/a UAD	Laboral		A1	DA 6ª
1	Médico/a UAD	Laboral		A1	Art. 2
1	Traballador/a Social UAD	Laboral		A2	DA 6ª
1	Enfermeiro/a-DUE UAD	Laboral		A2	DA 6ª
1	Aux. Enfermería UAD	Laboral		C2	DA 6ª
1	Aux. Administrativo/a UAD	Laboral		C2	DA 6ª
2	Profesor/a Escola de Música	Laboral		A2	DA 6ª Xornada tempo parcial
1	Profesor/a-Director/a Escola de Música	Laboral		A1	DA 6ª Xornada tempo parcial
1	Psicólogo/a Atención Temperá	Laboral		A1	DA 6ª
1	Pedagogo/a Atención Temperá	Laboral		A2	DA 6ª
1	Traballador/a Social (Servizos Sociais Comunitarios)	Laboral		A2	DA 6ª
5	Coidadores/as Comedor	Laboral		AP	DA 6ª Persoal fixo discontinuo Xornada tempo parcial

DA 6ª.- Oferta e convocatoria ao abeiro do disposto na DA 6ª da Lei 20/2021

Art. 2.- Oferta e convocatoria ao abeiro do disposto no artigo 2 da Lei 20/2021

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, se este radica en distinto domicilio da provincia de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Burela, 25 de maio de 2022.- Alcalde, Alfredo Lano García.

R. 1366

CASTROVERDE

Anuncio

Que polaxunta de goberno celebrada o día 18 de maio ,ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogarcorrespondenteao mes de abril de 2022 , e exporseao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación aobxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmofaise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntesnel comprendidos ao amparo da LeiXeral Tributaria.

Castroverde, 24 de maio de 2022.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1340

Anuncio

OFERTA EMPREGO PÚBLICO ANO 2022

Por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o día 19 de maio de 2022 aprobouse a Oferta de Emprego Público para o ano 2022 do Concello de Castroverde nos seguintes termos:

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2022. EXTE 147/2022

Visto o informe proposta de Secretaria Intervención asinado o 13 de maio 2022 de aprobación de Oferta de Emprego Público para o ano 2022 con ocasión da entrada en vigor e aplicación da Lei 20/2021 do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE n.º 312 do 29 decembro de 2021), así como a lei 22/2021 de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.(BOE n.º 312 do 29 decembro de 2021)

Visto o resultado alcanzado na Mesa Xeral de Negociación, coas asociacións sindicais máis representativas, que tivo lugar o pasado día 19 de maio de 2022.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde- Presidente con data do 15 de xuño de 2019, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2022, que comprende as seguintes prazas:

1.- FUNCIONARIO DE CARREIRA

Nº	PRAZA	GRUPO/SUBGRUPO	ESCALA	SUBESCALA	SISTEMA SELECTIVO	XORNADA
1	ARQUITECTO/A	A/A1	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	OPOSICIÓN LIBRE	PARCIAL (15H/SEM)

2.- ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL PERSOAL LABORAL FIXO

Nº	PRAZA	GRUPO CLASIFICACIÓN	SISTEMA SELECTIVO	XORNADA
2	OPERARIO/A LIMPADOR/A	10	CONCURSO	COMPLETA
1	PEÓN SERVIZOS MÚLTIPLES	10	CONCURSO	COMPLETA

SEGUNDO. Facer pública esta oferta de emprego, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, ao abeiro do artigo 70 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do empregado público.

TERCEIRO. Publicar o presente acordo na sede electrónica e notificalo aos funcionarios que desempeñen postos nas prazas obxecto da oferta.

CUARTO. Trasladar o presente acordo á Administración Xeral do Estado, a través da Subdelegación do Goberno, e á Xunta de Galicia, aos efectos do sinalado no artigo 56.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

QUINTO. Certificar as prazas estruturais ocupadas de forma temporal conforme ao artigo 2.7 da Lei 20/2021 do 28 de decembro.

SEXTO.- De conformidade co preceptuado no artigo 2 da Lei 2/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá de producirse antes do 31 de decembro de 2022, así como a resolución destes procesos selectivos deberá finalizar antes do 31 de decembro de 2024.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de UN MES, ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de DOUS MESES a contar desde o día seguinte da súa notificación ou publicación. Se se opta por interpoñer o recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de que se poda interpoñer calquera outro recurso que se estime oportuno a teor do artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Castroverde, 24 de maio de 2022.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1367

CERVANTES

Anuncio

Aprobación da oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal do Concello de Cervantes.

Por Resolución de Alcaldía deste Concello nº 2022-0127 de data 25 de maio de 2022, aprobouse a Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal, cumprindo as previsións do artigo 2 e DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, correspondente a a/s praza/s que a continuación se apuntan:

I. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro):

I.1.1 RÉXIME XURÍDICO LABORAL

PERSONAL LABORAL FIXO (21) prazas

Nº	PRAZA	GRUPO CLASIFICACIÓN	SISTEMA SELECTIVO	RÉX. XURÍDICO	XORNADA
1	Traballador/a Social	2	Concurso	Laboral fixo	Completa
1	Axente de emprego e desenvolvemento local	1	Concurso	Laboral fixo	Completa
1	Limpiaador/a de edificios públicos	10	Concurso	Laboral fixo	Completa
1	Limpiaador/a de edificios públicos	10	Concurso	Laboral fixo	Parcial
6	Auxiliar de Axuda no fogar	10	Concurso	Laboral fixo	Completa
9	Auxiliar de Axuda no fogar	10	Concurso	Laboral fixo	Parcial
1	Peón	10	Concurso	Laboral fixo	Completa
1	Condutor vehículos municipais	8	Concurso	Laboral fixo	Completa

I.1.2 PRAZAS DO CUPO DE RESERVA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (ART.59.1 EBEP):

PERSONAL LABORAL FIXO (1) prazas

Nº	PRAZA	GRUPO CLASIFICACIÓN	SISTEMA SELECTIVO	RÉX. XURÍDICO	XORNADA
1	Auxiliar de Axuda no fogar	10	Concurso	Laboral fixo	Parcial

II. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (Disposición Adicional Oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro):

II.1.1 RÉXIME XURÍDICO LABORAL

PERSONAL LABORAL FIXO (1) prazas

Nº	PRAZA	GRUPO CLASIFICACIÓN	SISTEMA SELECTIVO	RÉX. XURÍDICO	XORNADA
1	Tractorista	8	Concurso	Laboral fixo	Completa

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, publícase a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal do Concello de Cervantes.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do

Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se puidese estimar máis conveniente.

Cervantes, 25 de maio de 2022.- O alcalde – presidente, Benigno Gómez Tadín.

R. 1368

FRIOL

Anuncio

Oferta de Emprego Público 2022

Por Resolución da Alcaldía de 24 maio do actual, apróbase a oferta de emprego público deste concello para o 2022, que contén as prazas que se citan de seguido:

PERSOAL LABORAL:

Estabilización de emprego temporal (disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro:

- Encargada/o do Punto de Atención á Infancia.

Nivel de titulación.- As esixidas na normativa reguladora da Comunidade autónoma para a provisión do posto.

Número de vacantes 1.

Sistema de acceso: concurso.

- Persoal de apoio do Punto de Atención á Infancia.

Nivel de titulación.- As esixidas na normativa reguladora da Comunidade autónoma para a provisión do posto.

Número de vacantes 1. Sistema de acceso: concurso

Promoción Interna:

- Oficial 1ª encargado de obras e servizos múltiples.

Sistema: concurso-oposición.

- Oficial 1ª de obras e servizos múltiples.

Sistema: concurso-oposición.

O que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 91.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 204 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, e artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposiciónsvixentes en materia de Réxime Local, así como no art. 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, referida aos procesos de estabilización de emprego temporal.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente Recurso de Reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo de un mes, a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo durante o prazo de dous meses, contados a partir do seguinte ao da referida publicación, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Friol, 24 de maio de 2022.- O ALCALDE, José Angel Santos Sanchez.

R. 1341

GUITIRIZ*Anuncio***CORRECIÓN DE ANUNCIO OFERTA EMPREGO PUBLICO 2022 DO CONCELLO DE GUITIRIZ****Visto anuncio publicado no BOP de data 21.05.2022 nº 115**

Donde pon; "oferta extraordinaria" debe poñer ; "oferta de emprego público extraordinaria de estabilización de emprego do Concello de Guitiriz de conformidade co disposto na Lei 20/2021 de 28 de decembro, co seguinte detalle"

Guitiriz, 24 de maio de 2022.- A alcaldesa, María Sol MorandeiraMorandeira.

R. 1342

LÁNCARA*Anuncio*

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 25 de maio de 2022, aprobouse a Oferta de Emprego Público de estabilización de emprego temporal, á vista da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, logo de someterse á Mesa xeral de negociación, que inclúe as seguintes prazas:

Denominación	Grupo	Nº de prazas	Sistema Selectivo
Traballador/a Social	A2/II	1	Concurso
AEDL	A2/II	1	Concurso
Encargada/o Oficina Información Xuvenil	C1/VII	1	Concurso
Monitor tiempo libre	C2/VIII	1	Concurso
Oficial 2º Operario servizos múltiples	E/VIII	1	Concurso
Oficial 2º Tractorista	E/VIII	1	Concurso

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interperse alternativamente o recurso de reposición potestativo perante o señor alcalde, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte da última publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ou no Diario Oficial de Galicia, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do contencioso administrativo de Lugo, ou á súa elección, o que corresponda ó seu domicilio, se este radica en lugar distinto, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interperse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Láncara, 26 de maio de 2022.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1383

LUGO*Anuncio*

A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, conforme ás competencias establecidas no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, co fin de elixir o cartel anunciador das festas patronais SAN FROILÁN 2022, convoca o PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO "SAN FROILÁN 2022", de acordo coas seguintes

BASES:

1ª. - Poderán concorrer cantas autoras e autores o desexen, con traballos de técnica libre, presentando cada persoa cantas obras considere oportunas, sendo condición indispensable que as obras sexan orixinais.

2ª. - Os deseños contribuirán a enxalzar a cidade de Lugo e as súas festas patronais de San Froilán. Deberán incluír o texto:

- LUGO, SAN FROILÁN 2022

- 4-12 DE OUTUBRO

- A imaxe corporativa do Concello^(*)

- Festa de Interese Turístico Galego. Festa de Interese Turístico Estatal.

-www.sanfroilan.info

- Os logotipos das redes sociais existentes: Instagram, Twiter, Facebook e Youtube.

3ª. - A autora ou autor do deseño que resulte gañador recibirá un premio dotado con 2.000,00 €. Este premio estará suxeito a unha retención do 15% de acordo co disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4ª. - O deseño gañador será empregado como cartel anunciador do "San Froilán 2022", e o Concello de Lugo poderá reproducilo no tempo e forma que estime oportuno.

O cartel gañador será propiedade do Concello, que poderá cedelo a terceiros. As autoras ou autores renuncian a todos os dereitos de explotación, unicamente conservarán os dereitos de autoría para incluílo no seu currículo.

5ª. - Entrega de traballos:

Poderá facerse desde a convocatoria ata o xoves 16 de xuño, en formato dixital JPG, cunhas dimensións de 50x70 cm. e con 72 ppp de resolución (1417x1984 píxeles). Non se admitirán obras que cheguen pasado ese día.

Poden presentarse de tres modos:

- Persoalmente nas dependencias de Cultura, en lapis de memoria.

- Por correo postal certificado dirixido á Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, praza Maior 1, 27001 Lugo (neste caso, será necesario que envíe unha copia escaneada da folla de envío de Correos á conta de correo-e cultura@lugo.gal o día que se realice o envío)

- Por correo electrónico ao enderezo cultura@lugo.gal, indicando CARTEL SAN FROILÁN 2022.

Non obstante, se algún ou algunha participante o desexa e para unha mellor valoración da súa proposta, tamén pode entregar o cartel montado a sangue sobre cartón pluma de 5 ou 10 mm e a un tamaño de 50x70 cm.

6ª.- Os traballos deberán ser presentados de xeito anónimo, identificándoos cun lema.

En documentos á parte do cartel, acompañará:

1. Plica, identificada co mesmo lema có cartel, que conterá todos os datos persoais da autora ou autor: nome, apelidos, enderezo completo, correo-e e teléfono.

2. Copia escaneada do DNI ou equivalente.

3. Copia escaneada da declaración xurada que figura no anexo I destas bases. É importante que este documento estea asinado.

Presentaranse anexados ou xuntos, se o envío se fai por correo-e, ou en sobre pechado, con lema no exterior, se se fai en papel.

A organización resérvase o dereito de exclusión das obras nos seguintes casos:

- Cando se incumpran un ou varios puntos destas bases.

- Cando a participación se faga empregando datos falsos ou haxa indicios de que o son, se a persoa non verifica os seus datos no prazo outorgado.

- Cando os carteis presentados non se axusten ao tema do concurso.

- Cando os carteis presentados atenten contra a integridade das persoas.

7ª. - A gañadora ou gañador deberalle facilitar ao Concello, nos prazos que este indique, o arquivo orixinal por capas para a promoción, comunicación e sinalización do evento.

8ª. - Os carteis deberán evitar calquera tipo de propaganda subliminar que poida inducir ao consumo de alcohol ou calquera outro tipo de drogas, segundo a lexislación vixente.

9ª.- As obras presentadas someteranse á decisión do xurado.

10ª.- O xurado estará integrado por 3 vogais con voz e voto, sendo presidido pola Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua ou persoa en quen delegue e asistida por persoal do Servizo de Cultura en funcións de secretaría, ambos sen voz nin voto.

As ou os vogais serán designados pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e serán persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa ilustración, o deseño gráfico e/ou sectores relevantes do eido da cultura, o turismo e da propia celebración da festa do San Froilán, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso.

11ª. - O xurado será o encargado de seleccionar a obra gañadora o día 21 de xuño ás 11:00 horas no Concello de Lugo.

12ª. - Criterios: O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que, ao seu xuízo, non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes criterios:

- Deseño e composición estética.
- Orixinalidade.
- Creatividade
- Calidade.

13ª. - As persoas participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nestas bases. No caso de facerse unha entrega pública, a gañadora ou gañador do certame comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto.

14ª. - As persoas participantes responsabilízanse totalmente de que non existen dereitos de terceiros nas obras presentadas.

15ª. - Os carteis premiados quedarán en propiedade e uso exclusivo do Concello de Lugo. As e os autores cederanlle á institución os dereitos totais de exhibición e reprodución das obras premiadas.

16ª. - As persoas gañadoras dan o seu consentimento para que o seu nome apareza nos materiais informativos e promocionais, xa sexan impresos ou dixitais do Concello de Lugo. Co fin de poder levar a cabo cantas accións promocionais e de difusión do concurso que considere necesarias a organización, todas as persoas participantes cederanlle ao Concello de Lugo, con carácter gratuíto, os dereitos de reprodución e comunicación pública das obras presentadas ao concurso. A cesión dos dereitos permitiralle ao Concello de Lugo transformar as obras tecnicamente na medida en que será necesaria para adecualas ao formato, imaxe ou aparencia de Internet ou calquera outra tecnoloxía susceptible de adscrición a Internet, así como a reproducilas nos soportes físicos que se consideren convenientes.

17ª. - Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

18ª. - O simple feito da presentación ao concurso supón a plena aceptación destas bases.

(*)



ANEXO I
 DECLARACIÓN XURADA
 CONCURSO CARTEL SAN FROILÁN 2022
 CONCELLO DE LUGO

Dona/Don.....,
 con DNI..... como autora ou autor da/s obra/s titulada/s:.....

DECLARO

Que o cartel ou carteis presentados ao concurso son inéditos e da miña autoría.

Que non recibiron outros premios ou distincións pola participación noutros concursos de similares características.

Que son a única ou o único titular dos dereitos de autoría do cartel e que me fago responsable de calquera tipo de reclamación e eximo ao Concello de Lugo da devandita responsabilidade.

....., de de 2022

Lugo, 26 de maio de 2022.- Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

R. 1386

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA abril 2022E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 16.05.2022 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de abril de 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 27.05.2022 ata o 27.07.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 20 de maio de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1343

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA PARA O ANO 2022, DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIA, EN APLICACIÓN DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.

A Xunta de Goberno Local do 25/05/2022, adoptou entre outro, o seguinte acordo:

“Con base no disposto no artigo 61 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no art. 128 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, e no artigo 204 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

1º.- Aprobase a oferta extraordinaria de emprego público do exercicio de 2022, constituída polas seguintes prazas:

CONCELLO DE MONFORTE

- Funcionarios de carreira:

1. Denominación da Praza: Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial Grupo segundo o artigo 76 do RDL 5/2015: Grupo A2, Escala Administración Especial, Subescala Técnica. Titulación: Grao Universitario. Número de vacantes: unha.

- Persoal laboral:

1. Denominación da praza: Técnico/a de grao superior servizos sociais. Nivel de titulación: Grao Universitario ou titulación superior ou equivalente. Categoría: Técnico/a de grao superior. Número de vacantes: unha.

2. Denominación da praza: Psicólogo/a Centro de Información á Muller. Nivel de titulación: Grao Universitario ou titulación superior ou equivalente. Categoría. Técnico/a de grao superior. Número de vacantes: unha.
3. Denominación da praza: Axente de desenvolvemento local de emprego. Nivel de titulación: Grao Universitario ou titulación superior ou equivalente. Categoría. Técnico/a de grao medio. Número de vacantes: unha.
4. Denominación da praza: Educador/a Social. Nivel de titulación: Grao Universitario ou titulación superior ou equivalente. Categoría. Técnico/a de grao medio. Número de vacantes: unha.
5. Denominación da praza: Técnico de deportes. Nivel de titulación: Grao Universitario ou titulación superior ou equivalente. Categoría: Técnico/a de grao medio. Número de vacantes: unha.
6. Denominación da praza: Profesor Conservatorio (Especialidade: vento). Nivel de titulación: Grao Universitario ou titulación superior ou equivalente. Categoría. Técnico/a de grao medio. Número de vacantes: unha.
7. Denominación da praza: Profesor Conservatorio (Especialidade: percusión). Nivel de titulación: Grao Universitario ou titulación superior ou equivalente. Categoría. Técnico/a de grao medio. Número de vacantes: unha.
8. Denominación da praza: Profesor Conservatorio (Especialidade: saxo). Nivel de titulación: Grao Universitario ou titulación superior ou equivalente. Categoría. Técnico/a de grao medio. Número de vacantes: unha.
9. Denominación da praza: Profesor Conservatorio (Especialidade: violín). Nivel de titulación: Grao Universitario ou titulación superior ou equivalente. Categoría. Técnico/a de grao medio. Número de vacantes: unha.
10. Denominación da praza: Auxiliar electricista. Nivel de titulación: Graduado en Educación Secundaria, FP ou equivalente. Categoría. Auxiliar Número de vacantes: unha.
11. Denominación da praza: Peón parques e xardíns. Nivel de titulación: Agrupación Profesional (non esixido). Categoría: Peón. Número de vacantes: unha.
12. Denominación da praza: Subalerno. Nivel de titulación: Agrupación Profesional (non esixido). Categoría. Subalerno/a. Número de vacantes: unha.
13. Denominación da praza: Profesor/a Escola de Música (Instrumento: guitarra). Nivel de titulación: Graduado en Educación Secundaria, FP ou equivalente. Categoría. Auxiliar Número de vacantes: unha.”

INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIA

1. Denominación da praza: Psicólogo/a Unidade de drogodependencia. Nivel de titulación: Grao Universitario ou titulación superior ou equivalente Categoría. Técnico/a de grao superior Número de vacantes: unha.
2. Denominación da praza: Educador/a Social Unidade de drogodependencia. Nivel de titulación: Grao Universitario ou titulación superior ou equivalente. Categoría: Técnico/a de grao medio. Número de vacantes: unha.
3. Denominación da praza: Enfermeiro/a Unidade de drogodependencia. Nivel de titulación: Grao Universitario ou titulación superior ou equivalente. Categoría. Técnico/a de grao medio. Número de vacantes: unha.
4. Denominación da praza: Traballador/a Social Unidade de drogodependencia. Nivel de titulación: Grao Universitario ou titulación superior ou equivalente. Categoría. Técnico/a de grao medio Número de vacantes: unha.
5. Denominación da praza: Auxiliar administrativo/a da Unidade de drogodependencia. Nivel de titulación: Graduado en Educación Secundaria, FP ou equivalente. Categoría. Auxiliar. Número de vacantes: unha.
6. Denominación da praza: Monitor/a tempo Libre da Unidade de drogodependencia. Nivel de titulación: Graduado en Educación Secundaria, FP ou equivalente. Categoría. Auxiliar. Número de vacantes: unha.

Monforte de Lemos, 25 de maio de 2022.- O ALCALDE, P.D. Decreto de data 01.02.2022, A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria Prada Rodríguez.

R. 1369

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

Por Acordo da Xunta de Goberno, celebrada o día 25 de maio de 2022, aprobouse a **Oferta de Emprego Público** para a estabilización temporal, que cumpre as previsións da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, correspondente ás prazas que a continuación se apuntan:

I A) TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (art. 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro):

IA)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, ACCESO LIBRE:

- CUPO XERAL: UNHA(1) praza.

GRUPO/SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	ESCALA/SUBESCALA
C-C2	PF02	AUXILIAR	Escala de administración xeral, subescala auxiliar

IA)2 RÉXIME XURÍDICO LABORAL ACCESO LIBRE:

- CUPO XERAL: SETE (7) praza

GRUPO/SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN
AP	PL01	PEÓN/PEÓN OBRAS E SERVIZOS
AP	PL014	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR
AP	PL015	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR
AP	PL016	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR
AP	PL017	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR
AP	PL018	AXULIAR AXUDA NO FOGAR
AP	PL05	PEÓN CONDUCTOR

I B) TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (Disposición adicional 6ª Lei 20/2021, de 28 de decembro):

IB)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO ACCESO LIBRE:

- CUPO XERAL: DÚAS (2) prazas

GRUPO/SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	ESCALA/SUBESCALA
A-A2	PF03	TRABALLADOR/A SOCIAL	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios
C-C1	PF04	ENCARGADA BIBLIOTECA (TEMPO PARCIAL)	Escala de administración especial, subescalaservizosespeicias, clase cometidos especiais

IB)2 RÉXIME XURÍDICO LABORAL ACCESO LIBRE:

- CUPO XERAL: ONCE (11) prazas:

GRUPO/SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN
C-C2	PL02	PEÓN ESPECIALISTA 1ª
AP	PL03	VIXILANTE-OPERARIA
AP	PL04	PEÓN
AP	PL06	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR
AP	PL07	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR
AP	PL08	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR
AP	PL09	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR
AP	PL010	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR
AP	PL011	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR

AP	PL012	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR
AP	PL13	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR (TEMPO PARCIAL)

En cumprimento do artigo 91 da lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réximen Local e o artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, publícase a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego Temporal do Concello de Navia de Suarna.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor recurso de reposición potestativo ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa. Se se opta por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se considere máis conveniente ao seu dereito.

Navia de Suarna, 26 de Maio de 2022.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 1387

PALAS DE REI

Anuncio

DECRETO

Expediente nº 253/2022

Oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal

ANTECEDENTES:

A Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, establece na súa disposición adicional sexta a obrigatoriedade de establecer unha convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de larga duración, dispoñendo que as Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61 do Estatuto Básico do Empregado Público, polo sistema de concurso, aquelas prazas que reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 estiveran ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

O referido artigo 61 do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, no parágrafo 7 especifica que os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos.

Incorpórase ao expediente informe do Secretario deste Concello no que sinala a normativa de aplicación e procedemento a seguir.

Incorpórase a documentación relativa aos antecedentes documentais dos anexos de persoal e relación de contratacións desde o orzamento 2015 ata esta data.

Previa convocatoria, celebrouse sesión da Comisión Xeral de negociación, con asistencia das organizacións sindicais máis representativas e os representantes do persoal do concello.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Artigo 2, Disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Artigos 7, 10, 11, 31, 37, 69, 70 e a Disposición Adicional Cuarta do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Artigo 128 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.

Artigos 91 e 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

En virtude das atribucións que me confire a normativa invocada, dito a seguinte

RESOLUCIÓN:**Primeiro. Aprobación da oferta de emprego público.**

En cumprimento do disposto no artigo 70 do TREBEP aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, a disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, apróbase a oferta de emprego público extraordinaria para o ano 2022 nos termos que se establecen na presente resolución.

Segundo. Cuantificación da oferta de emprego público e sistema selectivo.

A oferta de emprego público incorpora as prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Palas de Rei conforme ao seguinte detalle:

PERSOAL LABORAL

POSTO	XORNADA	CATEGORÍA	Nº	OBSERVACIÓNS
ABOGADO	C	1.a	1	CIM
DIRECTORA	C	1.a	1	CIM
ADMINISTRATIVO	C	3.a	1	C. DÍA
ANIMADORA SOCIOCULTURAL	C	5.a	1	C. DIA
DIRECTORA RADIO	C	1.a	1	
LIMPADORA	C	10.d	1	RÚAS E ESPAZOS PÚBLICOS
PEÓN PUNTO LIMPO	C	10.a	1	
PEÓN CONDUTOR	C	10.d	1	
AUXILIAR BIBLIOTECA	C	7.a	1	AUXILIAR INTERVENCIÓN
PROTECCIÓN CIVIL	C	3.h	1	
PEÓN ORDINARIO	C	9.d	1	
TÉCNICO DE EMPREGO	C	2.a	1	
AUXILIARES AXUDA NO FOGAR	C	9	18	
TOTAL			30	

O sistema selectivo será o de concurso

Terceiro. Publicación da oferta de emprego público.

De acordo coa interpretación finalista do disposto no artigo 2.2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público, a oferta de emprego que articula o proceso de estabilización publicarase no «Boletín Oficial da Provincia de Lugo».

En aplicación do principio de publicidade activa e transparencia, publicarase ademais na sede electrónica do concello de Palas de Rei.

Cuarto. Prazo máximo para a publicación das convocatorias e resolución do proceso selectivo.

De acordo co artigo 2.2 da Lei 20/2021, a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para la cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022.

A resolución do proceso selectivo deberá finalizar antes do 31 de decembro de 2024.

Quinto. Seguimento da oferta.

Co fin de permitir o seguimento da oferta, certificarase ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, o número de prazas ocupadas de forma temporal existente en cada un dos ámbitos afectados.

Contra esta resolución, definitiva en vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde do Concello de Palas de Rei no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da súa publicación (artigos 112.1, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das

Administracións Públicas). Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición competente no prazo de dous meses desde a publicación, de acordo co disposto nos artigos 2, 10.1, 25 e 46 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Palas de Rei, 25 de maio de 2022.- Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1370

A PASTORIZA

Anuncio

OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO 2022 PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DA PASTORIZA

Mediante Resolución da Alcaldía de data 25 de maio de 2022, aprobouse a oferta de emprego de emprego público extraordinaria a través da que se articulará o proceso extraordinario de estabilización previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, e que comprende as seguintes prazas:

- PERSOAL FUNCIONARIO

DENOMINACIÓN	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	VACANTES	XORNADA	SISTEMA SELECCIÓN
Técnico de xestión	A2	Admón xeral	Xestión	1	100%	CONCURSO
Persoal de Oficios	AP	Admón especial	Servizos especiais	1	100%	CONCURSO

- PERSOAL LABORAL

DENOMINACIÓN	VACANTES	XORNADA	SISTEMA SELECCIÓN
Persoal de apoio PAI	1	100%	CONCURSO
Técnico de educación infantil	1	100%	CONCURSO
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL)	1	100%	CONCURSO
Ordenanza- Conserxe concello	1	100%	CONCURSO
Peón brigada de limpeza e mantemento da rede viaria municipal	3	100% FIXO DISCONTINUO	CONCURSO
Monitor Deportivo	2	100% FIXO DISCONTINUO	CONCURSO
Peón brigada de servizos básicos	3	100%	CONCURSO - OPOSICIÓN

Contra a citada Resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se puidese estimar máis conveniente.

A Pastoriza, 25 de maio de 2022.- O Alcalde-Presidente, Primitivo IglesiasSierra.

R. 1371

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN PARA 2022 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

D. José Luís Maceda Vilariño, alcalde - presidente do Concello da Pobra do Brollón, no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, expón:

Logo de ver o artigo 2 e a Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Logo de ver que o contido da presente oferta de emprego extraordinaria foi sometido a negociación coa Mesa de Negociación cos sindicatos de data 19 de maio de 2022, sendo o resultado da mesma favorable por unanimidade, e asistindo: Concello da Pobra do Brollón e CIG.

Logo de ver que polo Pleno de data 25 de maio de 2022 aprobouse o Plan de Estabilización de Emprego Temporal do Concello da Pobra do Brollón do ano 2022, que se materializa na aprobación e publicación da Oferta de Emprego Público extraordinaria antes do 1 de xuño de 2022, e declarouse o carácter excepcional da futura convocatoria de estabilización de emprego do Concello da Pobra do Brollón 2022.

Por Resolución da Alcaldía de data 25 de maio de 2022 aprobouse a Oferta de Emprego Público extraordinaria de 2022 correspondente co Plan de Estabilización de Emprego Temporal do Concello da Pobra do Brollón do ano 2022, que resulta ser a seguinte:

SUBGRUPO	CLASE/CATEGORÍA	POSTO	PRAZAS	TEMPO COMPLETO	TEMPO PARCIAL	OCUPACIÓN TEMPORAL	NATUREZA
Agrupación Profesional	Servicios Especiais	Auxiliar Axuda Domicilio	6	6	0	Ocupadas tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020	Persoal Laboral Fixo
Agrupación profesional	Servicios Especiais	Auxiliar Axuda Domicilio	5	5	0	Ocupadas con anterioridade ai 1 de xaneiro de 2016	Persoal Laboral Fixo
Agrupación Profesional	Servicios Especiais	Peón Limpador Edificios Municipais	2	2	0	Ocupadas con anterioridade ai 1 de xaneiro de 2016	Persoal Laboral Fixo
Agrupación Profesional	Servicios Especial	Capataz de Obras	1	1	0	Ocupadas con anterioridade ai 1 de xaneiro de 2016	Persoal Laboral Fixo

O presente acto pon fin a vía administrativa e poderá ser recurrido potestativamente en reposición ante o Alcalde no prazo dun mes a contar dende a data da presente publicación, ou ben directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar dende a data da presente publicación.

A Pobra do Brollón, 25 de maio de 2022.- O alcalde José Luís Maceda Vilariño.

R. 1372

QUIROGA

Anuncio

Oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal

ANUNCIO: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO).

EXPEDIENTE: 377/2022

En cumprimento do disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, por Decreto da Alcaldía de data 26/05/2022 resolveuse aprobar a oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal, que comprende as prazas que de seguido se relacionan:

PERSOAL LABORAL:

DENOMINACIÓN POSTO	XORNADA	RÉXIME XURÍDICO	NÚMERO VACANTES	SISTEMA ACCESO L20/2021
PEÓN GES		L	1	DA 6ª
PEÓN GES		L	1	DA 6ª
PEÓN GES		L	1	DA 6ª
PEÓN GES		L	1	DA 6ª
PEÓN GES		L	1	DA 6ª
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A		L	1	DA 6ª
ELECTRICISTA		L	1	CO
TÉCNICO/A DE MEDIO AMBIENTE		L	1	CO
VIXILANTE AMBIENTAL		L	1	DA 6ª
ASESOR/A XURÍDICO/A AVOGADO/A CIM		L	1	DA 6ª
PSICÓLOGO/A DO CIM	PARCIAL	L	1	DA 6ª
EDUCADOR/A SOCIAL		L	1	DA 6ª
CAMAREIRO/A LIMPADOR/A		L	1	DA 6ª
CAMAREIRO/A LIMPADOR/A		L	1	CO
ORIENTADOR/A LABORAL		L	1	DA 6ª
CONSERXE		L	1	DA 6º
CONSERXE		L	1	CO
ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL	PARCIAL	L	1	DA 6ª
OPERADOR/A DE CÁMARA		L	1	DA 6ª
OPERADOR/A DE CÁMARA		L	1	DA 6ª
OPERADOR/A DE CÁMARA		L	1	CO
CONSERXE		L	1	DA 6ª
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A		L	1	CO
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A		L	1	CO
ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL		L	1	CO

O que se fai público para xeral coñecemento.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso potestativo de reposición ante o alcalde-presidente polo prazo de 1 mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo que por quenda corresponda no prazo de dous meses, de conformidade co disposto nos artigos 46 e concordantes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio, ao abeiro do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quiroga, 26 de maio de 2022.- Alcalde-Presidente, Julio Álvarez Núñez.

R. 1385

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL

Mediante Resolución de Alcaldía deste Concello de data 23 de maio de 2022 aprobouse Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal, que cumpren as previsións do artigo 2 e da D.A. 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, correspondente as prazas de persoal laboral que se indican a continuación:

CATEGORÍA LABORAL	VACANTES	DATA DE ADSCRICIÓN	SISTEMA DE ACCESO	PROCEDEMENTO
Auxiliar axuda no fogar (SAF)	1	07/07/2014	Concurso	DA 6ª Concurso convocatoria excepcional
Auxiliar axuda no fogar (SAF)	1	07/07/2014	Concurso	DA 6ª Concurso convocatoria excepcional
Auxiliar axuda no fogar (SAF)	1	04/10/2017	Concurso-oposición	Artigo 2. Estabilización emprego temporal
Auxiliar centro de día	1	07/07/2014	Concurso	DA 6ª Concurso convocatoria excepcional
Auxiliar centro de día	1	01/12/2016	Concurso-oposición	Artigo 2. Estabilización emprego temporal

O artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, publícase a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal do Concello de Ribeira de Piquín.

Ribeira de Piquín, 23 de maio de 2022.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 1314

SAMOS

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Samos, de 24 de maio de 2022 se aprobó a Oferta de Emprego Público para á estabilización do emprego temporal, coas seguintes prazas:

OFERTA EMPLEO PUBLICO EXTRAORDINARIA ESTABILIZACION PERSONAL TEMPORAL

PERSOAL FUNCIONARIO :

Denominación	Nº	Xornada	Sistema
Alguacil -Porteiro	1	Completa	Concurso

PERSOAL LABORAL :

Denominación	Nº	Xornada	Sistema
Auxiliares Axuda no Fogar	4	Completa	Concurso-
Auxiliares Axuda no Fogar	1	completa	Concurso -oposición
Coidadoras vivendas comunitarias	3	completa	Concurso

Coidadoras vivendas comunitarias	1	completa	Concurso-oposición
Conductor-tractorista	1	completa	Concurso
Peóns	2	completa	Concurso

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réximen Local e o artículo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, se publica a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal do Concello de Samos.

Samos, 25 de maio de 2022.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 1373

VILALBA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía nº 2020-0325 aprobábase a oferta de emprego público ordinaria do Concello de Vilalba correspondente ao ano 2022, así como a oferta de emprego público "extraordinaria" ou "adicional" de "estabilización" derivada da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, coa seguinte parte resolutiva:

Primeiro.- Avocar o coñecemento da aprobación da oferta de emprego público do Concello de Vilalba, cuxa resolución corresponde ordinariamente á Xunta de Goberno Local en virtude da delegación conferida mediante Decreto de Alcaldía nº 684/2021 (BOP nº 254, de 5 de novembro de 2021).

Segundo.- Facer efectiva a posibilidade contida no artigo 20 Un.8 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incrementando a taxa de reposición de efectivos coa derivada das altas e baixas rexistradas durante o exercicio en curso.

Terceiro.- De conformidade co disposto no artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobar a oferta de emprego público ordinaria correspondente ao ano 2022 no ámbito do Concello de Vilalba, coa seguinte relación de prazas ofertadas:

GRUPO DE PROGRAMA	GRUPO (ART. 76 RDL 5/2015)	ESCALA/SUBESCALA	N.º PRAZAS	DENOMINACIÓN	SISTEMA DE ACCESO	VÍNCULO
150	A2	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL/TÉCNICO MEDIO	1	APARELLADOR/A	Oposición Libre	Funcionarial
931	C1	ADMINISTRACIÓN XERAL/ADMINISTRATIVA	1	ADMINISTRATIVO/A	Oposición Libre	Funcionarial

Cuarto.- Aprobar a oferta de emprego público 2022 "extraordinaria" ou "adicional" de "estabilización" derivada da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, coa seguinte relación de prazas ofertadas:

I.A. Prazas estruturais de persoal do Concello de Vilalba desempeñadas por persoal con vinculación temporal de longa duración e incursas no suposto da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público:

GRUPO DE CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	N.º DE PLAZAS	SISTEMA DE SELECCIÓN	VÍNCULO
5	OPERARIO DE RECINTO DEPORTIVO "MADALENA"	1	Concurso	Laboral
1	PSICÓLOGA-EDUCADORA FAMILIAR	1	Concurso	Laboral
1	PSICÓLOGA	1	Concurso	Laboral
2	AXENTE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.	1	Concurso	Laboral
1	ASESORA XURÍDICA DA MULLER (CIM)	1	Concurso	Laboral

1	ARQUITECTO	1	Concurso	Laboral
3	AUXILIAR ADMINISTRATIVO URBANISMO	1	Concurso	Laboral
4	CAPATAZ GRUP. M. INT. INM.	1	Concurso	Laboral
3	ADMINISTRATIVO URBANISMO	1	Concurso	Laboral
3	ADMINISTRATIVO SERVIZOS SOCIAIS	1	Concurso	Laboral
2	TRABALLADOR/A SOCIAL	2	Concurso	Laboral
2	MONITOR DEPORTIVO	1	Concurso	Laboral
4	AUXILIAR POLICÍA LOCAL	1	Concurso	Laboral
2	MONITOR DEPORTIVO	1	Concurso	Laboral
4	CHOFER PALA	1	Concurso	Laboral
5	LIMPADORA	1	Concurso	Laboral
2	ANIMADORA SOCIOCULTURAL	1	Concurso	Laboral
3	AUXILIAR ADMINISTRATIVO RECADACIÓN	1	Concurso	Laboral
4	AUXILIAR POLICÍA LOCAL	1	Concurso	Laboral
4	AUXILIAR POLICÍA LOCAL	1	Concurso	Laboral

I. B. Prazas estruturais de persoal do Concello de Vilalba, desempeñadas por persoal con vinculación temporal e incursas no suposto do artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público:

GRUPO DE CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	N.º DE PLAZAS	SISTEMA DE SELECCIÓN	VÍNCULO
5	CONSERXE LIMPADORA	1	Concurso-Oposición	Laboral
2	TÉCNICO ADMINISTRACIÓN	1	Concurso-Oposición	Laboral

Quinto.- Proceder á publicación íntegra do presente Decreto no Portal de Transparencia da sede electrónica do Concello de Vilalba (Indicador 9), así como a súa parte resolutiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia.

Sexto.- Certificar ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, o número de prazas estruturais ocupadas de forma temporal existentes no Concello de Vilalba.

Vilalba, 26 de maio de 2022.- A Alcaldesa, María Elba Veleiro Fernández.

R. 1388

VIVEIRO

Anuncio

Oferta de emprego 2022 estabilización emprego temporal Aparcamientos A Mariña S.L. (Lei 20/2021)

Polo Consello de Administración da Sociedade Municipal "Aparcamientos A Mariña S.L." aprobouse a Oferta de Emprego Público en virtude da Taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 e convocatoria excepcional prevista na disposición adicional sexta, sétima e oitava da lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para redución da temporalidade no emprego público, recollendo as seguintes prazas:

Proceso de estabilización prazas laborais (acceso libre. Sistema selectivo concurso. Aplicación convocatoria excepcional estabilización emprego temporal longa duración. Disposición adicional sexta, sétima e oitavalei 20/2021)

Denominación	Total	Grupo
Axente	5	Peón
Encargado	1	Oficial

Viveiro, 23 de maio de 2022.- O Presidente do Consello de Administración da Sociedade Municipal "APARCAMIENTOS A MARIÑA S.L.", Jesús Fernández Fernández.

R. 1344

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) -LUGO

Anuncio

BASES DO PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO SAN FROILÁN 2022 PARA ELIXIR O CARTEL ANUNCIADOR DAS FESTAS PATRONAIS SAN FROILÁN 2022

BDNS(Identif.):629592

De acordo codispuesto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/629592>)

A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, conforme ás competencias establecidas no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, co fin de elixir o cartel anunciador das festas patronais SAN FROILÁN 2022, convoca o PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO "SAN FROILÁN 2022", de acordo coas seguintes

BASES:

1ª. - Poderán concorrer cantas autoras e autores o desexen, con traballos de técnica libre, presentando cada persoa cantas obras considere oportunas, sendo condición indispensable que as obras sexan orixinais.

2ª. - Os deseños contribuirán a enxalzar a cidade de Lugo e as súas festas patronais de San Froilán. Deberán incluír o texto:

- LUGO, SAN FROILÁN 2022

- 4-12 DE OUTUBRO

- A imaxe corporativa do Concello(*)

- Festa de Interese Turístico Galego. Festa de Interese Turístico Estatal.

- www.sanfroilan.info

- Os logotipos das redes sociais existentes: Instagram, Twiter, Facebook e Youtube.

3ª. - A autora ou autor do deseño que resulte gañador recibirá un premio dotado con 2.000,00 €. Este premio estará suxeito a unha retención do 15% de acordo codispuesto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4ª. - O deseño gañador será empregado como cartel anunciador do "San Froilán 2022", e o Concello de Lugo poderá reproducilo no tempo e forma que estime oportuno.

O cartel gañador será propiedade do Concello, que poderá cedelo a terceiros. As autoras ou autores renuncian a todos os dereitos de explotación, unicamente conservarán os dereitos de autoría para incluílo no seu currículo.

5ª. - Entrega de traballos:

Poderá facerse desde a convocatoria ata o xoves 16 de xuño, en formato dixital JPG, cunhas dimensións de 50x70 cm. e con 72 ppp de resolución (1417x1984 píxeles). Non se admitirán obras que cheguen pasado ese día.

Poden presentarse de tres modos:

- Persoalmente nas dependencias de Cultura, en lapis de memoria.
- Por correo postal certificado dirixido á Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, praza Maior 1, 27001 Lugo (neste caso, será necesario que envíe unha copia escaneada da folia de envío de Correos á conta de correo-e cultura@lugo.gal o día que se realice o envío)
- Por correo electrónico ao enderezo cultura@lugo.gal, indicando CARTEL SAN FROILÁN 2022.

Non obstante, se algún ou algunha participante o desexa e para unha mellor valoración da súa proposta, tamén pode entregar o cartel montado a sangue sobre cartón pluma de 5 ou 10 mm e a un tamaño de 50x70 cm.

6ª.- Os traballos deberán ser presentados de xeito anónimo, identificándoos cun lema.

En documentos á parte do cartel, acompañará:

1. Plica, identificada co mesmo lema có cartel, que conterá todos os datos persoais da autora ou autor: nome, apelidos, enderezo completo, correo-e e teléfono.
2. Copia escaneada do DNI ou equivalente.
3. Copia escaneada da declaración xurada que figura no anexo I destas bases. É importante que este documento estea asinado.

Presentaranse anexados ou xuntos, se o envío se fai por correo-e, ou en sobre pechado, con lema no exterior, se se fai en papel.

A organización resérvase o dereito de exclusión das obras nos seguintes casos:

- Cando se incumpran un ou varios puntos destas bases.
- Cando a participación se faga empregando datos falsos ou haxa indicios de que o son, se a persoa non verifica os seus datos no prazo outorgado.
- Cando os carteis presentados non se axusten ao tema do concurso.
- Cando os carteis presentados atenten contra a integridade das persoas.

7ª.- A gañadora ou gañador deberalle facilitar ao Concello, nos prazos que este indique, o arquivo orixinal por capas para a promoción, comunicación e sinalización do evento.

8ª.- Os carteis deberán evitar calquera tipo de propaganda subliminar que poida inducir ao consumo de alcohol ou calquera outro tipo de drogas, segundo a lexislación vixente.

9ª.- As obras presentadas someteranse á decisión do xurado.

10ª.- O xurado estará integrado por 3 vogais con voz e voto, sendo presidido pola Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua ou persoa en quen delegue e asistida por persoal do Servizo de Cultura en funcións de secretaria, ambos sen voz nin voto.

As ou os vogais serán designados pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e serán persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa ilustración, o deseño gráfico e/ou sectores relevantes do eido da cultura, o turismo e da propia celebración da festa do San Froilán, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso.

11ª.- O xurado será o encargado de seleccionar a obra gañadora o día 21 de xuño ás 11:00 horas no Concello de Lugo.

12ª.- Criterios: O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que, a seu xuízo, non se acaden unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes criterios:

- Deseño e composición estética.
- Orixinalidade.
- Creatividade
- Calidade.

13ª.- As persoas participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nestas bases. No caso de facerse unha entrega pública, a gañadora ou gañador do certame comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto.

14ª.- As persoas participantes responsabilízanse totalmente de que non existen dereitos de terceiros nas obras presentadas.

15ª.- Os carteis premiados quedarán en propiedade e uso exclusivo do Concello de Lugo. As e os autores cederalles á institución os dereitos totais de exhibición e reprodución das obras premiadas.

16ª. - As persoas gañadoras dan o seu consentimento para que o seu nome apareza nos materiais informativos e promocionais, xasexan impresos ou dixitais do Concello de Lugo. Co fin de poder levar a cabo cantas accións promocionais e de difusión do concurso que considere necesarias a organización, todas as persoas participantes cederán lleo Concello de Lugo, con carácter gratuito, os dereitos de reprodución e comunicación pública das obras presentadas ao concurso. A cesión dos dereitos permitirá lleo Concello de Lugo transformar as obras tecnicamente na medida en que será necesaria para adecualas ao formato, imaxe ou aparencia de Internet ou calquera outra tecnoloxía susceptible de adscrición a Internet, así como a reproducilas nos soportes físicos que se consideren convenientes.

17ª. - Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme a disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

18ª. - O simple feito da presentación ao concurso supón a plena aceptación destas bases.

Lugo, 26 de maio de 2022.-CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA, TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.

R. 1398